CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer o sentido global, así como palabras en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia	TI	86
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, adecuados ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
7	Life in the past	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	PE	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas e iniciar e terminar a comunicación.		
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer o sentido global, así como palabras en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	TI	72
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. - Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
8	What do you want to do this summer?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer o sentido global, así como palabras en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia.	TI	80
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir textos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, apoiándose en diversos recursos e soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Léxico e expresións básicas e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Principios metodolóxicos.-

A acción educativa prestará especial atención á atención á diversidade do alumnado, á atención individualizada, á prevención das dificultades de aprendizaxe e á posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave fundamentalmente con tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa terá en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Desenvolveranse estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato xa que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.

Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Estratexias metodolóxicas.-

Atender ao desenvolvemento das competencias clave require un traballo que:

Contemple a diversidade de agrupamentos e posibilite unha ampla gama de interaccións sociais.

Favoreza a planificación conxunta e a autonomía nas tarefas, a organización dos materiais e recursos, a adopción de fórmulas variadas de agrupamento acordes coas necesidades diferentes de traballo

Permita o uso de fontes e recursos variados, cotiáns e familiares, mesturando o dixital e o tradicional, o innovador e o clásico.

Promova métodos con enfoque integrador (globalizados e interdisciplinarios) que permitan que o grupo planifique e organice as tarefas conxuntamente, que todos os rapaces e todas as rapazas poidan implicarse activamente en función dos seus intereses e da diversidade, que o alumnado se enfrente a problemas verdadeiros e a temas reais e cotiáns; que ofrezan ocasións para controlar o proceso, valorar os logros, medrar na aprendizaxe partindo do que sabe; que permitan manexarse con éxito ante a información e que estimulen a practica reflexiva e crítica.

Secuenciación do traballo na aula:

Motivación:

Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.

Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.

Presentación da actividade con esquemas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

Información básica para todo o alumnado.

Información complementaria para reforzo e apoio.

Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

Lectura e comprensión de textos.

Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.

Resposta a preguntas.

Resolución de dúbidas.

Comentario de documentos, textos, imaxes, etc.

Elaboración de presentacións.

Lectura comprensiva.

Avaliación:

Análise de producións: caderno, traballos, comentarios, etc.

Exposicións orais.

Probas obxectivas.

Traballos individuais e en grupo.

Observación do traballo na aula.

METODOLOXÍA.

LINGUA ESTRANXEIRA.-

Non debemos perder de vista que o obxectivo fundamental nesta área é o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado que alcanzará as

ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade. O papel do profesor-a será o de guía do alumnado para potenciar o manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz.

A lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e

para créalos debe ir á par coa abordaxe da Literatura que debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade xa que incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica.

Deseñaranse actividades que potencien a competencia comunicativa e lingüística de forma que o alumnado sexa capaz de interactuar en todos os ámbitos sociais nos que participan. O uso social da lingua en contextos familiares, privados, públicos e escolares, deben de ser o fío condutor dos contidos da área.

Potenciarase a valoración da lingua e a literatura galega a través dos textos elaborados nese código como representantes dunha cultura, na que creceron os nosos antepasados e moitos de nós e que cómpre coidar e cultivar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e Recursos Didácticos

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Lingua Estranxeira: Inglés

Libro Dixital interactivo. (Edixgal 5º e 6º de Primaria)

Biblioteca de recursos.

Audios.

Vídeos

Caderno do alumnado

Biblioteca de aula e de centro

Aula virtual do centro

Xerador de actividades

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Avaliación inicial.- Procedemento

As probas de avaliación inicial partirán dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior e realizaranse durante o mes de setembro.

OBXECTIVOS:

Detectar as características dos alumnos-as ao comezar o curso nos contidos das áreas.

Saber que alumnos-as teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con este alumnado.

Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos-as para implicar á familia no proceso educativo.

Enlazar as aprendizaxes dos alumnos-as do cuarto curso de Primaria co quinto curso.

Detectar dificultades de aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	5	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	0	28	0	12	25	14	28	20	18
Táboa de indicadores	100	72	100	88	75	86	72	80	82

Criterios de cualificación:

Avaliación continua.- Procedemento

A avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución. Os traballos presentados deberán respectar unhas normas de presentación establecidas, dependendo, en cada caso do que se esixa en cada un deles

É importante que o alumnado traia o día de clase aquel material que se lle pida para unha actividade concreta.

Realizarase a avaliación empregando diferentes instrumentos de avaliación que se concretan na programación de cada área.

Periodicidade coa que se farán probas obxectivas

Haberá unha proba obxectiva que coincidirá con cada unidade didáctica agás a introductoria e a cultural. Estas probas non son exames como tal, senón tarefas escritas que serán avaliadas polo mestre.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

Busca de información

Presentación

Exposición Oral

Caderno de clase

Traballos de aula

Lectura da biblioteca de aula

Respecto polas normas, polo material e polos compañeiros.

Criterios de cualificación

Instrumentos de avaliación Valores

Probas escritas 20%

Avaliación da oralidade 20%

Escalas de valoración para: Total= 60%:

Estudo e traballo diario 15%

Caderno 10%

Participación na clase 10%

Actitude e esforzo 15%

Proxectos 10%

Criterios de recuperación:

Recuperación de notas

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada

Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas actividades non desenvolvidas correctamente, recuperándoas de este modo.

Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspenso, podería, tamén, recuperala.

Recuperación de avaliación

Cada avaliación e dado que a mesma é continúa, a anterior recuperarase na seguinte. A nota da 3ª avaliación será a nota final.

6. Medidas de atención á diversidade

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Por todo isto, é fundamental o coñecemento do grupo e unha axeitada acción tutorial.

O Plan de Acción Tutorial do centro concreta as actividades que debe desenvolver un titor-a para coñecer o seu grupo, a súa dinámica e relacións, e así mesmo a cada alumno en particular. Este coñecemento do alumnado e das súas necesidades educativas enmarcará a atención á diversidade.

Potenciaranse tamén todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con NEAE poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades. As medidas educativas destinadas a tal fin concréntanse no Plan de Atención á Diversidade do centro.

Para favorecer a relación entre os alumnos-as e a cohesión do grupo levaranse a cabo na primeira semana de curso diversas dinámicas para coñecerse e para interiorizar as normas de aula e de centro. Un segundo elemento clave será a avaliación inicial que contemplará non só o desempeño dos alumnos senón tamén a análise do clima de aula e das relacións que se establecen entre os alumnos-as. As entrevistas grupais e individuais coas familias completarán o coñecemento do alumno-a. Deste coñecemento global do alumno-a arranca a atención á diversidade permitindo adaptar a educación aos diferentes alumnos-as da aula.

Medidas ordinarias

Todas as que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel.

Potenciaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos pola súa potencialidade para promover a inclusión.

Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou se estas resultan insuficientes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Traballarse o respecto ás diferentes culturas e costumes mediante a comparación e o debate dos usos e celebracións de Halloween/Samhain arredor do mundo			X					
ET.2 - Importancia dunha boa alimentación e vida sana a través da análise dos hábitos alimenticios propios e doutras culturas de fala inglesa					X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Apreciación e respecto pola arte a través dunha secuencia didáctica baseada en pintores famosos na historia.						X		
ET.4 - Reflexión sobre os avances científico tecnolóxicos e os inventos ao longo da historia.							X	
ET.5 - Secuencia didáctica baseada na investigación sobre as maravillas naturais do mundo, especialmente centrada en países de fala inglesa.								X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Carnival	Secuencia didáctica sobre o Antroido nas diferentes partes do mundo		X	
Halloween	Conmemoración de Halloween/Samhain	X		
Old Stories	Compilación de lendas tradicionais dos diferentes países de fala inglesa			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente

Descrición:

Proceso de ensino:

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.

12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Práctica docente:

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

Indicadores

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
18. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
20. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
21. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
22. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
23. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
24. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
25. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
26. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

Observacións:

Realizarase esta avaliación unha vez desenvolta esta programación de acordo a os parámetros fixados neste

apartado

9. Outros apartados